

EIXE 2 | A Recuperación como meta

TEAMS

Entidade executante

Asociación AGALURE (<https://agalure.com>)

Ámbito territorial

Toda a comunidade autónoma de Galicia, aínda que soamente de forma física no centro de A Coruña, realizando actividades específicas do programa nos concellos: Cambre, Oleiros, Culleredo, Carral, Padrón, Vigo, Lugo, Guitiriz e Castro Caldelas.

Persoas destinatarias

Persoas diagnosticadas de trastorno psicótico ou trastorno de personalidade susceptible de axuda profesional sociosanitaria sen distincións sociodemográficas, familiares e contorna persoal das persoas usuarias. Serán beneficiarias 140 persoas no 2023.

Obxectivos

Xeral

Prevenición da saúde: fortalecer as redes sociais de apoio/soporte (familia e participación social na comunidade) con fin de chegar a un compromiso ocupacional na persoa en base as súas ocupacións significativas.

Específicos

Promoción da saúde: favorecer e potenciar a adquisición de hábitos e rutinas diarias significativas coa involucramento súas redes de apoio.

Favorecer o desenvolvemento de roles significativos na comunidade.

Incrementar a participación social das persoas na comunidade en base a ocupacións significativas.

Metodoloxía

Metodoloxía científica baseada nos criterios PRISMA, garantizando un proceso sistematizado de atención sociosanitaria acorde a criterios científicos.

Lévanse a cabo intervencións enfocadas na rehabilitación psicosocial na comunidade delas, a través de dunha práctica profesional centrada na persoa, individualizada e cunha visión holística na que se valoran tanto os contextos como as contornas.

A Individual Placement and Support (IPS) dota ás persoas de oportunidades na participación de actividades significativas e a súa inserción social.

A Integrated Supported Employment (ISE) trabállase a comunicación verbal e non verbal, a asertividade, imaxe persoal e social e habilidades básicas de conversación.

Community Based Rehabilitation (CBR) ten por obxectivo a mellora/adaptación das contornas ocupacionais comprometidas pola adicción.

A Assertive Community Treatment (ACT) inserción social e comunitaria mediante a mellora do nexa persoa-contorna, a través dos servizos de saúde comunitarios.